

Expediente IET: P-22-010  
Proxecto: Parque eólico dos Cotos  
Concello: Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)  
Promotor: Tiraventos SL

## INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 04/03/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o estudo de impacto e integración paisaxística do proxecto do parque eólico dos Cotos (con data e sinatura dixital 25/02/2022).

### 1. Antecedentes:

Con data do 10/02/2022 o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística de acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013 e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, a partir do estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) contido no estudo de impacto ambiental do proxecto do parque eólico dos Cotos (con data de sinatura dixital 30/09/2021). Neste informe indicábase que o EIIP non se axustaba ao disposto na Lei 7/2008 e no seu Regulamento, e en particular, que se debería aportar un estudo de visibilidade con radio de 20 km, estudar a localización dos aeroxeradores 1 e 3 dada a súa alta visibilidade, estudar a localización dos aeroxeradores 1 e 5 e as súas plataformas a fin de conservar os afloramentos rochosos, estudar o trazado dos camiños de acceso aos aeroxeradores 1 e 2 a fin de aproveitar ao máximo os camiños existentes e estudar o camiño común de acceso aos aeroxeradores 3, 4, 5 e 6 para procurar maior compatibilidade coas masas forestais e aproveitar ao máximo os camiños existentes.

### 2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de



integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise da documentación achegada, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación que se somete a informe consiste nun escrito de contestación xunto cun novo EIIP que substitúe ao que se informara o 10/02/2022. O novo EIIP amplía o documento inicial incorporando o seguinte:

- Un estudo de visibilidade dos aerogeradores cun radio de 20 km no que analiza a visibilidade de cada un dos aerogeradores e a do conxunto do parque eólico. Este estudo conclúe que *"no se puede decir que exista un aerogenerador o un conjunto de ellos que particularmente provoquen una mayor visibilidad"*. Así mesmo, respecto aos miradoiros máis afectados Monte Sisalto (situado a 100 m do aerogerador 3) e Monte Castelo-2 (situado a 850 m do aerogerador 1), sinala que *"no se trata de una zona visitada por el turismo o posibles observadores aunque se trate de un punto catalogado como mirador desde el punto de vista paisajístico, no se puede considerar una afección relevante"*. Estas conclusións non se consideran adecuadas nin xustificadas.
- Planos e memoria onde se sinala que o aerogerador 5 non afecta a afloramentos rochosos e que non resulta viable a modificación da plataforma do aerogerador 1 ao supor desmontes e recheos de ata 15 metros. Como no caso anterior estas xustificacións non poden considerarse abondas.
- Planos nos que se analiza a viabilidade da modificación dos camiños de acceso aos aerogeradores nos que se sinala que os camiños existentes que non se reutilizan teñen unha pendente excesiva ou un trazado que non os fan adecuados para o paso da maquinaria e elementos que conformarán o parque eólico.

En canto aos efectos do proxecto sobre a paisaxe, do estudo de visibilidade contido no novo EIIP dedúcese o seguinte:

- Os aerogeradores serán visibles desde o miradoiro Monte Sisalto (situado a 100 m do aerogerador 3), o miradoiro Monte Castelo-2 (situado a 850 m do aerogerador 1), o miradoiro da Castrelada (situado a 3,4 km), o miradoiro do Monte Coirego (situado a 4,5 km), o miradoiro Monte das Fragas (situado a 5,8 km) e o miradoiro Penalba (situado a 8,2 km). Tamén serán visibles desde as seguintes áreas de especial interese paisaxística (AEIP): a totalidade da AEIP-08-11 Val do alto Almofrei (situada a 1,6 km), a parte norte da AEIP-08-23 San Xusto-Río Lérez (situada a 4,1 km), a parte occidental da AEIP-08-12 Serra do Cando (situada a 4,9 km), a AEIP-08-10 Área Arqueolóxica de Campo Lameiro (situada a 7,0 km) e a AEIP-08-09 Castro de Penalba (situada a 7,6 km). En canto as rutas de sendeirismo, os aerogeradores serán visibles desde a ruta GR 94 Rural de Galicia (que discorre a 150 m do aerogerador 1 e a 140 m do aerogerador 2), a ruta PR-G 68 A Vía Escondida (situada a 1,5 km), a ruta PR-G 109 Ruta das Almiñas e do Foxo do Lobo (situada a 4,5 km) e a ruta PR-G 135 Roteiro da Escuadra (situada a 5 km).
- No relativo aos principais núcleos de poboación, os aerogeradores serán visibles dende Carballedo (situado a 1,8 km), a cidade de Pontevedra (situada a 10 km) e Marín (situado a 16 km). Pola contra, non serán visibles dende Ponte Caldelas (situado a 6 km), Cerdedo (situado a 10 km) e Caldas de Reis (situado a 17 km).





- Os aeroxeradores tamén serán visibles dende o Camiño de Santiago, na súa ruta Camiño de Santiago Portugués, que pasa polo centro da cidade de Pontevedra e está situado a uns 10,5 km. Os aeroxeradores serán visibles en tres tramos de 200 m.
- En relación ás principais vías de comunicación, os aeroxeradores serán visibles dende a AP-9 ao longo de 13 km (a unha distancia aproximada de 11 km), a estrada N-541 dende a cidade de Pontevedra ata o núcleo de Viascón, o que supón un percorrido de 12 km (a unha distancia aproximada de 7 km); a estrada PO-233 da que parte do seu percorrido discorre paralela ao río Almofrei cuxo val divide o parque eólico en dúas zonas diferenciadas, e a estrada PO-235 ao longo de 7 km (a unha distancia aproximada de 3 km).

A documentación achegada non mostra ningún cambio de posición dos aeroxeradores e tampouco existen cambios no que atinxe aos camiños de acceso aos aeroxeradores, polo que se manterán as afeccións a afloramentos rochosos que xa se sinalaran no anterior informe.

#### 4. Conclusión:

O EIIP considerase completo e axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual dos aeroxeradores que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos a longas distancias; esta incidencia perdurará no tempo durante o período de explotación do parque, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar os miradoiros sinalados polo Catálogo das paisaxes de Galicia (particularmente os miradoiros Monte Sisalto e Monte Castelo-2), os núcleos rurais próximos e as vilas mencionadas no apartado anterior, así como a AEIP-08-11 Val do alto Almofrei, a AEIP-08-23 San Xusto-Río Lérez, a AEIP-08-12 Serra do Cando, a AEIP-08-10 Área Arqueolóxica de Campo Lameiro e a AEIP-08-09 Castro de Penalba. Esta incidencia visual non supón un impacto crítico, pero é susceptible de ser mitigada coa adopción das medidas preventivas e correctoras que se sinalan a continuación.

Respecto a posibles medidas preventivas que se suxeriran no anterior informe do IET, o novo EIIP achegado pola promotora inclúe unha xustificación sobre a cal se fundamenta a inviabilidade da modificación da plataforma do aeroxerador 1 e do trazado dos camiños de acceso aos aeroxeradores, se ben, debería completarse do seguinte modo:

- Debe estudarse o desprazamento do aeroxerador 3 cara ao leste, a unha posición na que se reduza a incidencia derivada da apertura de novos camiños, a incidencia a afloramentos rochosos e a incidencia ao miradoiro Monte Sisalto.
- Debe estudarse en detalle a alternativa de desprazar o aeroxerador 5 cara ao norte, a unha posición na que tanto no camiño de acceso como na plataforma se logre unha maior integración topográfica e unha menor afectación a afloramentos rochosos.
- No que atinxe aos núcleos rurais, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de



realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores.

- No deseño definitivo dos camiños faranse os axustes necesarios para evitar as afeccións a afloramentos rochosos.
- O deseño da explanada da subestación deberá respectar as formacións rochosas existentes ao sueste. Adicionalmente, para reducir a incidencia visual que pode provocar deberase manter unha franxa de vexetación no seu perímetro, formada preferiblemente por especies autóctonas.

En todo caso, de acordo co artigo 30 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas nos planos e orzamento do proxecto.

José Luís Álvarez Vicente  
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito  
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez  
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

